

COMUNICADO ÓS SOCIOS

PECHE DA UTE/UDE BOS

Durante case 20 anos e en base ó Convenio de Colaboración existente entre Consellería do Medio Rural e a Federación Frisona Galega, o Programa de Transferencia Embrionaria de Bos, estivo producindo xenética élite (animais e embrións) a prezos reducidos para os criadores de frisón de Galicia, prestando ademáis os servizos de Transferencia Embrionaria que precisabamos nas nosas explotacións.

Como xa se informou, **o vindeiro día 31 de Decembro**, -e por falta de apoio institucional,- **o Programa Bos chegará o seu término, e con elo, a permanente oferta de material xenético e servizos** que, dende esta Federación e como xestores do Programa, prestamos ós gandeiros.

Con estas previsións e a fin de que todo os socios teñan información así como opción ó material xenético (embrións e animais) e servizos dispoñibles ata o peche de Bos, informamos do seguinte:

VENDA DE ANIMAIS

Co obxecto de que todos os socios tiveran acceso e en igualdade de condicións ós animais de Bos, **a Xunta Directiva acordou que foran vendidos en poxa pública.**

Nos pasados meses e a través de diferentes poxas, foron vendidas 77 femias das 130 que compoñían o rabaño. **As aproximadamente 50 restantes son xovencas e becerras xóvenes** (e por tanto as que teñen a xenética máis punteira e actual) **que serán vendidas nas seguintes poxas:**

Poxa	Animais	Data
XVII Subhasta Top-Bos	25	9 de Setembro
II Subasta Nacional Conafe	3	1 de Outubro
XVIII Subhasta Top-Bos	25	28 de Outubro

VENDA DE EMBRIÓNS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS

- A maior parte das doantes de embrións, xa foron vendidas polo que, a **producción de embrións de Bos**, ata o peche definitivo, **queda limitada a unhas 15 recolleitas.**
- Para a comercialización dos embrións manterase o sistema actual (venta por Internet, prioridade e desconto do 30% a socios) ata o día 31 de Outubro, non obstante, **a partir do día 1 de Agosto** e ata a citada data, **aplicarase un desconto do 20% pola compra de 5 ou máis embrións.**

- No caso de que a 31 de Outubro quedaran embrións por vender, **agruparanse e ofertaranse, en lotes dende o día 7 de Novembro ó 7 de Decembro** (venta libre).
- **O prazo para retirar os embriones** do Banco de Bos **rematará o día 23 de Decembro**.
- **O sistema de venda de embrións por xestación, manterase en funcionamento ata o día 1 de Outubro**.
- **Ata o 15 de Decembro** continuaranse prestando os servizos de superovulación, colleitas, implantación de embrións, diagnósticos de xestación e sesaxe, etc,...